Erigeron canadensis (> Conyza c.) L., 1753

	erixeron, eixerón, coniza do Canadá
	erigeron/erígeo del Canadá, hierba del caballo/carnicera, coniza
	coniza canadenca
	canadian fleabane
	avoadinha do Canadá



ESTADO DE CONSERVACIÓN

Sen avaliar

DIVISION	CLASE	ORDE	FAMILIA	XÉNERO
Magnoliophyta	**Magnoliopsida**	**Asterales**	**Asteraceae**	***Erigeron***

ORIXE

América.

CARACTERÍSTICAS

Porte herbáceo, anual. Pode chegar a medrar ata 1-1,5 m. Talo erguido, ramificado na parte superior. Follas alternas, lanceoladas, con marxes lixeiramente dentadas. As follas interiores tenden a murchar cedo. As flores aparecen en forma de capítulos compostos e pequenos, e son de cores brancas ou pálidas nas lígulas e discos amarelos. Florecen no verán-outono. O froito é un froito seco, pequeno e que non se abre ao madurar. Ten unha soa semente no seu interior, presenta unha forma cilíndrica ou lixeiramente comprimida, é de cor brillante, pardo ou beixe. Na parte superior presenta peliños brancos e finos (pappus), que funcionan como paracaídas, permitindo que se disperse co vento.

HÁBITAT

Zonas perturbadas, bordos de camiños ou cunetas. Debido á morfoloxía do seu froito, é áxil colonizando, e medra en tipos de solo moi variados.

DISTRIBUCIÓN

Natural de América do Norte. Actualmente naturalizada e incluso invasora en Europa, Asia e Australia.

CURIOSIDADES

Altamente resistente a herbicidas. En Galicia ten carácter invasor e está en proceso de erradicación. Os seus froitos son vistosos, voan coma o dente de león ao soprar sobre eles, o que facilita a dispersión.